



**Resolución do 16 de xullo de 2019, da Comisión de selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (Orde do 10 de xuño de 2019)**

A Comisión de selección do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería (Orde do 10 de xuño de 2019) , segundo o disposto no artigo 6 da orde de convocatoria,

ACORDA:

Primeiro. Facer pública, como anexo desta resolución, a baremación provisional de méritos das persoas aspirantes e a praza provisionalmente adxudicada.

Segundo. A publicación realizarase no portal de Internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional: <http://www.edu.xunta.gal>

Terceiro. Segundo o establecido no artigo 6.4 da orde de convocatoria, as persoas aspirantes poden facer as reclamacións que consideren, no prazo de cinco días hábiles contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2019

José Luis Canosa Baldomir

Presidente da Comisión de selección